



**C O N C E L L O**  
DE  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

**BASES PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS:**

**1ª.- OBJETO.-** Ten por obxecto esta convocatoria a contratación laboral temporal, a partir do 1 de xullo de 2017 e por un período de tres meses, a xornada completa (corenta horas semanais), dunha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, composta de un xefe de brigada, un peón condutor e tres peóns de brigada.

O tempo diario de traballo será de oito horas, de luns a domingo, distribuídas a criterio da Xunta de Galicia, en función do Convenio de Colaboración para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, suscrito con este concello con data 23 de xuño de 2016, cuxo articulado se considera parte destas bases.

As retribucións mensuais, por tódolos conceptos, que percibirán os traballadores serán as seguintes: Xefe de brigada, 1.100,00€. Peón condutor, 1.000,00€. Peón de brigada, 936,00€.

**2ª.- CONDICIONES DOS ASPIRANTES.-** Deberán ser maiores de 16 anos, españois ou cidadáns de países membros da U.E., e superar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

Os seleccionados polo tribunal deberán realizar un curso teórico práctico de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais.

O Xefe de brigada deberá estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.

O Xefe de brigada e o peón condutor deberán estar en posesión de carné de conducir B.

**3ª.- INSTANCIAS.-** Darase de prazo ata o día 19 de xuño de 2017 ás 14:00 horas para a presentación de solicitudes no concello, por parte dos interesados, a partir da convocatoria no taboleiro de anuncios do concello e no Diario de Pontevedra. Xunto coas solicitudes presentárase a documentación acreditativa dos méritos e condicións que aleguen os aspirantes.

**4ª.- TRIBUNAL.-** O Tribunal de selección estará integrado polos membros seguintes:

Presidente: José María Santaló Rodríguez

Secretario: María del Rosario González Sánchez

Vocal: José Antonio Oitaven Meis

**5ª.- SELECCIÓN.-** O día 20 de xullo de 2017, ás 12:00 horas, reunirse o tribunal, e á vista da documentación presentada, formulará proposta de contratación ó Sr. Alcalde, conforme co art. 61-12-c) do R.D. 2568/86, de 28 de novembro, condicionada á superación do recoñecemento médico da proba física de esforzo, podendo designar suplentes para o caso de que algún candidato seleccionado non as superase.

O tribunal queda facultado para que, unha vez vistos os expedientes, poida realizar ós aspirantes unha entrevista persoal ou unha proba obxectiva. Para ditos efectos, os solicitantes deberán presentarse no concello ás 12:00 horas do día 20 de xuño de 2017.

A proposta de selección poderá ter en conta o lugar de residencia e o seu coñecemento do medio, así como do manexo de maquinaria, e a súa experiencia, aptitude e responsabilidade para este tipo de traballo segundo o informe do empregado encargado de persoal deste concello.

As presentes Bases foron aprobadas pola xunta de goberno local do Concello de Fornelos de Montes en sesión celebrada o día dous de xuño de dous mil dezasete.

**O ALCALDE**  
**Emiliano Lage Rodríguez**

**O SECRETARIO**  
**José María Santaló Rodríguez**